



PORTAVEZAL
Asociación veciñal

www.oportavezal.org
oportavezal@gmail.com



CONCELLARÍA DE TURISMO,
CULTURA, DEPORTE, XUVENTUDE
E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA
CONCELLO DE CUNTIS

www.cuntis.es
www.turismodecuntis.com



**PR-G
123**

DATOS TÉCNICOS

Lonxitude: 6,510 Km
Duración estimada: 2h 30 min
Dificultade: Media
Esfuerzo físico: Medio



SINAIS DAS RUTAS DE PEQUENO PERCORRIDO EN GALICIA



Sendeiro sinalizado

Senda Peonil da Ponte do Ramo

Ano de Homologación: 2009

Entidade Promotora:
**Asociación Veciñal e Cultural
o Portavezal**

Entidade Homologadora:
**Federación Galega
de Montañismo**
www.fgmontanismo.com



Ponte do Ramo
Senda Peonil

A Senda

Trátase dunha ruta de pequeno percorrido, aproximadamente 6,5 kilómetros, e de deseño circular, que ten como inicio e fin do sendeiro a Ponte do Ramo. A pesar de non ser moi longa ten unhas grandes posibilidades se queremos ampliar a marcha xa que enlaza nun tramo coa PR-G 20 (Circular de Cuntis) e noutro coa GR-94 (Rural de Galicia).

A senda, no seu comezo, discorre pola beira do Umia. Río arriba pódense contemplar varios muíños de auga, atravesar regatos, gozar das sombras das frondosas árbores que abundan no camiño e mesmo descansar nunha área de lecer.

A continuación, a ruta chega á aldea de Vilar de Mato onde se camiña por riba da vía romana que percorre o lugar para, flanqueados por carballos e ameneiros, atravesar despois o Regato do Foxo en dirección ao conxunto dos Petróglifos de Cequeril.

Tras contemplar os gravados rupestres encárase monte abaixo o tramo final da senda que remata de novo na Ponte do Ramo.

Ponte do Ramo ▼

No ano 1747 o Arcebispo de Santiago, Don Caetano Gil Taboada, prohibiu expresamente o rito do bautismo prenatal que se celebraba baixo esta ponte aproveitando as augas do Río Umia.

Este rito pagán, que na zona de Cuntis se denominaba *enxembramento* (bautismo antes do nacemento), tiña como finalidade salvar a descendencia das mulleres embarazadas que xa tiveran problemas por abortos non desexados ou que perderan os fillos ao pouco de nacer.



Laxe dos Homes

Os Petróglifos

Petróglifos de Cequeril

Este conxunto arqueolóxico divídese en tres grupos: o Outeiro do Galiñeiro e o Outeiro dos Campiños onde predominan os círculos con cruces inscritas e a Laxe dos Homes que se caracteriza polos deseños antropomorfos.

Vía romana ▶

Por este antigo camiño empedrado, segundo estudos de diversos autores, transcorría unha das moitas vías romanas que se espallaban polo país e que logo serviron de base para os camiños medievais e, posteriormente, para os denominados camiños reais, principais vías de comunicación no século XIX.



Área de lecer ▲

Neste punto os camiñantes poderán facer un pequeno repouso á sombra dun carballo centenario mentres escoitan o suave fluír das augas do Río Umia.

Regato do Foxo ▶

Vista da senda ao seu paso por unha pequena pontella sobre un dos regueiros que vai morrer ao río Umia.



Vilar de Mato

Pequena aldea situada aos pés do Coto dos Castros, arredor da cal discorre o trazado da senda.



Muíño do Portavezal

Os Muíños

Muíños da Puntalta

À beira dun pequeno souto elévanse sobre o río dous muíños de auga restaurados e os restos dun antigo batán de liño, mostra da importancia que noutros tempos tivo a auga como forza de traballo.

Muíño do Portavezal

Este muíño é o único da zona que hoxe en día aínda se pode ver en funcionamento conservando íntegras todas as súas partes. Cómpre salientar que pola súa beira discorre todos os 21 de agosto de cada ano a tradicional procesión de San Roque, a cal atravesa o río uns pasos máis adiante por riba dunha pequena ponte de madeira construída para os efectos todos os anos.

Muíño do Verdugo

Enclavado nun lugar recóndito, este muíño, segundo os máis vellos do lugar, servía para os encontros amorosos dos mozos e mozas da aldea.



Muíño do Portavezal